

ACTA DE INICIO DOS TRABALLOS DE REESTRUTURACIÓN PARCELARIA DA ZONA DE SAN FIZ DE PAZ (OUTEIRO DE REI, LUGO)

En Lugo, 16 de setembro de 2022, reúnense

M^a Olga Iglesias Fontal, xefa territorial da Consellería do Medio Rural de Lugo, por ausencia da xefa do servizo.

José Ignacio Cociña Iglesias, enxeñeiro técnico agrícola do Servizo de Infraestruturas Agrarias de Lugo, coordinador da dita zona de reestruturación parcelaria e director dos traballos *Proxecto de colaboración de servizos técnicos para a preparación das bases e o plan de ordenación de predios de especial vocación agraria da zona de reestruturación parcelaria de San Fiz de Paz, cofinanciado ao 75% polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do PDR de Galicia 2014-2020, dentro da medida 4.3 (ST-5765) e*

Luis Ángel Fernández Fernández, en representación de ENSEROS, ENXEÑERÍA E SERVICIOS INTEGRADOS, SL, adxudicataria dos ditos traballos,

expoñen o seguinte:

A reestruturación parcelaria para San Fiz de Paz no Concello de Outeiro de Rei, foi declarada de utilidade pública por Decreto do Consello da Xunta de Galicia de 25 de marzo de 2021 (DOG 8/04/2021).

De conformidade co que establece o artigo 19 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, a partir da data de sinatura deste documento iníciáanse os traballos de execución das bases de reestruturación parcelaria da zona, consistentes nas operacións de definición do parcelario, investigación da propiedade e clasificación de terras e á redacción do correspondente plan de ordenación de fincas de especial vocación agraria ata a súa declaración oficial de firmeza.

E para que conste, asíñase o presente documento en proba de conformidade,

